



CONCELLO DE REDONDELA

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) DO CONCELLO DE REDONDELA CON MOTIVO DO REAL DECRETO 463/2020, DO 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19.

1.- Réxime de prestación dos servizos do Centro de información ás mulleres (CIM).

As tres profesionais que integran o CIM (psicóloga, avogada e técnica de igualdade), e polo tanto os servizos de atención psicolóxica, asesoramento xurídico e atención do CIM e asesoramento en igualdade, desenvólvense en modo tele traballo. Esta excepcional situación está baseada nos seguintes puntos:

a) Os teléfonos de contacto do CIM (986 40 80 43 e 986 40 26 14) están en situación de desvío aos teléfonos móbiles dos que dispoñen a psicóloga e a técnica de igualdade. Ademais, a psicóloga conta tamén co teléfono móbil propio do CIM. As tres profesionais están en contacto permanente entre elas e coa Alcaldesa, responsable de área.

b) As profesionais teñen acceso aos seus correos electrónicos institucionais, ás aplicacións Gestiona, Xestión CIM e Participa 1420 e ao Servizo ATENPRO, co obxectivo de continuar traballando nos expedientes e asuntos do Centro evitando o atraso ou paralización dos mesmos.

c) As tres profesionais están en situación de “comunicación permanente” por se fora precisa a atención dunha situación de urxencia, tanto presencial como telefónica ou electrónica.

d) Comunicación aos Servizos Sociais Comunitarios (UNIS 1 e UNIS 2) da situación excepcional do CIM e dos medios e formas de contacto co persoal, tanto para profesionais destes servizos como para persoas interesadas ou que precisen contactar co Centro.

e) Comunicación á Policía Local e á UFAM da situación excepcional do CIM e dos medios e formas de contacto co persoal, tanto para profesionais destes servizos como para persoas interesadas ou que precisen contactar co Centro.

2.- Actuación do persoal do CIM ante a xestión de casos e expedientes abertos no Centro.

O persoal do CIM está en contacto coas usuarias con expediente aberto no Centro, ben por control de oficio por parte do persoal, como por contacto das usuarias ao Centro a través de chamada telefónica ou correo electrónico. Este control e contacto realizarase de maneira máis exhaustiva nos casos de problemática de violencia de xénero, co obrigado cumprimento dos principios de confidencialidade e seguridade da vítima, está última na maneira que a profesional considere máis adecuada para a súa consecución.

O persoal do CIM continuará con normalidade a comunicación telefónica e

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 5JX7F7DSEQRNXE2H65YXRG33E | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



electrónica e a tramitación dos asuntos e expedientes dentro do permitido polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

3.- Actuación do persoal do CIM para a xestión dun caso ou asunto novo.

No caso de recepción no Centro de caso ou asunto novo, o persoal do CIM traballará segundo o establecido no punto 2 do presente Protocolo.

No caso de situación de violencia de xénero, tendo en conta o establecido na Disposición adicional segunda do Real Decreto 463/2020 relativo á suspensión de prazos procesuais, concretamente a esta redacción: Suspéndense os termos e suspéndense e interrompen os prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdicionais... Na orde xurisdiccional penal a suspensión e interrupción non se aplicará aos procedementos de habeas corpus, ás actuacións encomendadas aos servizos de garda, as actuacións co detido, ás ordes de protección, ás actuacións urxentes en materia de vixilancia penitenciaria e a calquera medida cautelar en materia de violencia sobre a muller ou menores; o persoal do CIM actuará co mesmo procedemento que segue en situación normal de apertura do Centro, prestando a atención e tramitando os recursos dispoñibles no momento que poidan ser precisos. Ademais, realizárase atención presencial se a situación o requirise pola súa natureza ou urxencia segundo criterio das profesionais do CIM.

4.- Actuación en caso de tramitación de praza na Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero. Co obxectivo de coñecer o procedemento a seguir durante o estado de alarma no caso de ser necesario solicitar unha praza na Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, o CIM púxose en contacto co Teléfono da muller 900 400 273 e co Centro de recuperación integral para mulleres vítimas de violencia de xénero (CRI), dependentes da Xunta de Galicia (administración competente nesta materia), para establecer procedemento de comunicación e coordinación e solicitar información sobre recursos dispoñibles, procedemento a seguir e medidas adoptadas nestes supostos, que poden variar respecto aos recursos e procedementos habituais. O CIM está á espera de resposta a este respecto por parte da administración autonómica.

5.- Vixencia do Protocolo. Este Protocolo estará vixente o tempo establecido na Resolución de Alcaldía de data 16 de marzo de 2020, concretamente dende o día 16 e ata o día 29 de marzo de 2020, sen prexuízo da ampliación de dito prazo atendendo ás circunstancias concurrentes, ou de calquera circunstancia que afecte ao funcionamento do Centro."

A ALCALDESA





Digna Rosa Rivas Gómez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

